

## 26 GALICIA

### Cultura colabora coa asociación de escritores nos actos que se desenvolven no Ano do Libro

REDACCIÓN > A CORUÑA

■ O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, asinou co presidente da asociación de escritores en lingua galega, Cesáreo Sánchez, un convenio de colaboración para a realización conxunta dun programa de actividades literarias con motivo da celebración do Ano do Libro e da Lectura de Galicia 2010.

En virtude do acordo, a consellería entregará 30.000 euros á para a realización conxunta coa AELG dos programas: Os Bos e Xenerosos, premios AELG e Encuentros Galeusca.

A consellería considerou “esencial” o establecemento de accións que permitan desenvol-

ver un programa conxunto de actividades literarias, e informou de que con estas accións “cúmprese o obxectivo fundamental de promocionar a obras galegas, fomentar a intercomunicación na nosa lingua entre os autores e o seu público, mostrar a nosa cultura dentro e fóra de Galicia”.

A Xunta apuntou que a asociación desenvolve unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión da cultura de Galicia e “en aras dunha maior eficacia” considerou que a cooperación en diferentes programas beneficia ao mundo da cultura galega en xeral.

A AELG aglutina a maior parte dos escritores en lingua galega.